

Conferencia de Luz Pozo Garza



Luz Pozo Garza, que mañá, sábado, ás 8,30, pronunciará unha conferencia no Casino.

Mañá, ás oito do serán, Luz Pozo Garza pronunciará unha conferencia no Casino de Viveiro. Esta noticia foi moi ben acollida por todo o pobo de Viveiro, xa que Lucita, popular nome como toda ela, na nosa cidade forma un hito dunha época xa ida que, por iso, nunca foi esquecida.

Lucita, nena que correu tódalas rúas de Viveiro, a pé e en bicicleta, deixou nelas unha lembranza da súa xuventude e tamén na de todos nós, que con ela compartimos aqueles tempos idos.

Lucita que dende a súa nenez fíxose muller eiquí, e de eiquí partiu para A Coruña, tralas vicisitudes da guerra que a súa familia tivo, o mesmo que outros moitos, unhos de maneira persecutoria e outros, que ela cantou, de maneira trágica.

Tela entre nós é unha satisfacción, e de seguro que o recordo que nos trae a nosoutros, a ela tamén lle reverdecen na súa poesía e prosa, que mañá sábado, desgranará na conferencia co gallo do Día das Letras Galegas, adicado este ano a Ramón Otero Pedrayo.

Lucita Pozo Garza foi invitada o ano pasado polo directivo do Casino, Justo Gómez Meitín, para conmemorar iste acto. Daquela non puido vir pero mañá estará entre os seus paisanos viveireses, xa que o accidente de nacer non fai a un do lugar onde nace, senón que un é do sitio onde pace máis, onde conviveu os anos millores da vida, como é o caso de Lucita Pozo.

Eiquí, en Viveiro, sufriu seu pai, traballou ela e maila súa nai, promovedora da cultura de gran número de persoas da época da súa xuventude e da nosa tamén.

Luz Pozo Garza leva a Viveiro no corazón, igual que ela levou nas súas entranas os seres máis queridos, tamén moi queridos neste pequeno pobo de Viveiro. Dende estas columnas imos darlle a benvinda e se nolo permite unha aperta para expresarlle así o noso recordo, o noso afecto hacia ela e a tódolos desa familia, que vivirá sempre dentro de nós e da maioría dos habitantes de Viveiro daquela sana xuventude.